




BATELADAS LIRICAS

EN VEXA

O día de Reises foi Farruquiño á vila por primeira vegada na súa vida. Foi co seu pai e co-a súa hirmá Lilaila, que xá é unha moza de dazasete anos e ten ido mais vegadas. Fono a vendel-a vaca **China**, porqu'oxe é alí feira de ano. E Farruco, co seu pau ó lombo, levab'a vaca do adibal.

Na vila viu o rapaz os **trenvias**, viu os gardas da **porra**, viu moitos **automobles**, viu as fenestras dos comerceos todos cheos de bonituras. E viu mais cousas...

Viu tamén moitos rapaces da súa idade que andaban a brincar cos brinquedos que lles puxeran os Reises Magos. E Farruco sinteu, ó velos, un nuño na gorxa qu'endexamais sintera. Aquíles rapaces tiñan carriños pequenos, tiñan **automobles** de **mentiras**, tiñan vacas e bois de cartón... E, por todo iso, tívolles **envexa**...

I-os rapaces da vila, ó ver o noso homiño, tamén tiveron **envexa**: **envexa** d'íl, que levaba do adibal unha vaca de verdade, e non lle tiña medo. ¡Eles soílo tiñan vacas de cartón!..

Xosé M.^a ALVAREZ BLÁZQUEZ.

(Grabado de TURAS)

Um dos primeiros textos de Xosé María Álvarez Blázquez publicados em galego

Tribuna. Semanario Popular de Tuy,

Ano I, núm. 1 (19 de Março de 1933), p. 3